

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### **ASUNTO: CONCURSO CONVOCADO PARA O SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ORGANIZACIÓN DO CUMIO DE ALCALDES, ALCALDESAS E CIDADES SOBRE DROGAS. EUROPA, AMERICA LATINA E O CARIBE**

-----

Sendo as 13:00 horas do día 10 de marzo de 2010, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e actuando como vocais dona Alicia Peña, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Xosé Chorén polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello, don Luis Casais, letrado do Concello e dona Ana Tabares Martinez, Técnica do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte da Sra Secretaria dar lectura ó informe do negociado de rexistro de 8 de marzo de 2010 no que se pon de manifesto que á referida contratación presentáronse as seguintes plicas:

1. NOVA 21, S.L
2. DIURBAGAL GALICIA, S.L

Procédese a contiuación dos sobres A de documentación administrativa, co seguinte resultado:

- NOVA 21, S.L
- . Escritura constitución de sociedade e nomeamento do representante legal da empresa
- . Dilixencia de bastanteo
- . Declaración sobre o volume global de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato.
- . Relación das principais subministración realizadas nos último tres anos
- . Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións par contratar coa administración, así como de estar ó corrente das obrigas tributarias e da Seguridade social.
- . Certificación de non ter debidas coa Axencia tributaria,

**CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/rdi

Ref: CUMIO ALCALDES, ...

Asunto: acta apertura administrativa

- . Certificación de non ter debedas coa Seguridade Social
- . Certificación de non ter debedas coa Xunta de Galicia
- . Alta do IAE
- . Decalración de non estar dado de baixa na matrícula do IAE e de estar exentos do pago
- . Garantía provisional

A documentación é correcta

- DIURBAGAL GALICIA, S.L:

- . Escritura de constitución
- . DNI do representante
- . Certificación de non ter debedas coa Xunta de Galicia
- . Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións par contratar coa administración, así como de estar ó corrente das obrigas tributarias e da Seguridade social
- . Certificación digitos entidade bancaria
- . Informe entidade financeira
- . Garantía Provisional

Falta dilixencia de bastanteo e documentación Acreditativa da solvencia técnica.

A vista do cal os membros da Mesa e dado co representante da mercantil DIURGAGAL GALICIA, S.L, atopase no Centro de Servizos Municipais para asistir á apertura do sobre B, os membros da Mesa deciden que compareza a mesa de contratación para l comunicarlle que ten ata o vernes día 12 as 10:00 horas para que aporte a documentación que lles falta ( dilixencia de bastanteo e documentación acreditativa da solvencia técnica).

Conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento, pospoñendo á apertura do sobre B, ofertas técnica, ata o vindeiro vernes día 12 as 14:00 horas, quedando convocados todos os membros nestse acto.

A PRESIDENTA ,

A SECRETARIA

Asdo.: Sonia Méndez García

Asdo.: Ana Tabares Martinez